

PLAN DIXITAL CEIP PLURILINGÜE POETA AVELINO DÍAZ MEIRA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución.

1.1. Datos básicos do centro.

Nome: CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz

CÓDIGO: 27006735

Dirección Postal: Rúa Federico González López s/n (Meira) **TLF:** 982870535/36

Correo_e: ceip.meira@edu.xunta.gal

FAX: 982870537

Dirección Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmeira/>

Número de unidades		
Educación infantil	Educación Primaria	Total
3	6	9

Profesorado	
Educación Infantil	4
Educación Primaria	5
Lingua Francesa	1
Pedagogía Terapéutica	1
Audición e Linguaxe	1 (compartida co CEIP Rosalía de Castro -Pol)
Orientador	1 (compartido co CEIP Rosalía de Castro -Pol)
Lingua Inglesa	1
Educación Musical	1
Educación Física	1
Relixión	1 (compartida co CEIP Rosalía de Castro -Pol)

Alumnado			
Educación Infantil		Educación Primaria	
4º educación infantil	17	1º educación primaria	19
		2º educación primaria	23
5º educación infantil	21	3º educación primaria	20
		4º educación primaria	19
6º educación infantil	21	5º educación primaria	14
		6º educación primaria	11

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Meira é un concello da provincia de Lugo, pertence á comarca de Meira (partido Xudicial de Lugo). Segundo o padrón municipal, en 2019 tiña 1.731 habitantes, (1.794 no 2007), é dicir que, sofre unha pequena perda poboacional ano tras ano. O noso Centro está situado, pois, entre a Terra Chá, a comarca de Lugo e a da Montaña. A poboación escolar que acode ao colexio procede, ademais do propio concello, de Pastoriza (Baltar, Pousada e Fonmiñá) e Pol (Samartiño, San Andrés de Ferreiros e Lúa).

O nivel social das familias que envían ás súas fillas/os ao colexio pódese considerar como clase media e media baixa, dedicándose fundamentalmente á agricultura e á gandaría. Tamén o sector industrial e de servizos (principalmente na capitalidade do Concello) ten unha importante presenza. O noso centro está adscrito ao IES “Pedregal de Irimia” de Meira e seguen a ESO e o Bacharelato a inmensa maioría do alumnado.

A oferta educativa fora do horario escolar confórmana por unha banda as actividades extraescolares que propón o colexio e por outra, as actividades ofertadas polo Concello e a ANPA.

En canto, ao emprego do tempo libre, a oferta é limitada, pola falta de espazos e instalacións deportivas. O Concello oferta algunha actividade deportiva, coma o fútbol e a ANPA tamén oferta actividades como baile, inglés, informática,...

Vistas, pois as características socioeconómicas do contexto do centro recollidas dentro do PEC; analizamos a repercusión que pode ter o Proxecto Dixital en relación ao PEC e á PXA do vindeiro curso 22/23; nos seguintes apartados:

◆ **Plan para a potenciación das relacións da comunidade coas familias.** O centro continuará empregando o servizo de mensaxería Abalar para as comunicacións coas familias: circulares, avisos, citacións a titorías... entendendo que esta aplicación ofrece unha resposta integral aos retos que presenta a educación dixital do século XXI. Así mesmo, empregárase a web do centro dunha maneira activa para dar a coñecer a

identidade do noso centro, para informacións relativas á organización de comedor, transporte...e para toda a documentación administrativa de carácter xeral.

- ◆ **Plan de actividades propostas pola ANPA** para o curso escolar, que recolle como unha delas a de mecanografía.

- ◆ **Áreas de libre configuración:** desenvolver a competencia matemática a través da robótica e da programación informática sinxela, un dos obxectivos da materia de libre configuración de 6º curso de Educación Primaria.

- ◆ **EDLG:** Dentro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega un dos obxectivos referentes a conseguir co alumnado é o de impulsar a presenza da lingua galega en diversas actividades TICS.

- ◆ **Plan de Orientación:** nel recóllese que unha das accións prioritarias é a utilización da aplicación informática DRD orienta.

- ◆ **Plan Anual de lectura:** Na etapa de Educación Infantil desenvólvense actividades TICs, utilizando recursos e ferramentas dixitais (PDI, mesa de luz, tablets, ordenador...) para a aproximación e o descubrimento dos distintos textos e lecturas de imaxes.

Na etapa de Educación Primaria, en 5º curso, realizan unha búsqueda de información e recursos nas áreas de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza a través de ferramentas dixitais. No 6º curso utilizan aplicacións para a dixitalización de contos e outros textos literarios a través de Flipgrid, Prezi, Filmora e Powerpoint. No 3º curso (como unha actividade integrada no Club de Lectura), elabóranse códigos QR a modo de reseña dos libros lidos, para fomentar a participación no club e como método para o fomento da lectura en xeral.

- ◆ **Biblioteca Escolar:** As liñas prioritarias da Biblioteca Escolar están moi relacionadas co mundo dixital. Así recollen aspectos como a organización, xestión e catalogación de fondos dun xeito dixital a través do programa MEIGA; achegas ao alumnado a través da biblioteca a distintos formatos e soportes dixitais como transmisores de información, para adquirir a competencia dixital; integrar na biblioteca as tecnoloxías da comunicación e desenvolver proxectos “maker” e robótica dunha maneira habitual.

◆ **Contratos-programa Recupéra-T** (ARCO e PROA+). No proxecto de ambos programas o noso centro refire en canto a puntos débiles e/ou ameazas do entorno os seguintes aspectos:

Espazos limitados no centro e recursos materiais reducidos e/ou obsoletos (principalmente os relacionados coas TIC), tan necesarios para a realización de actividades de estimulación cognitiva, pensamento computacional, desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos e programas específicos para a mellora das dificultades de aprendizaxe.

◆ **Plan Proxecta (Paisaxe e sustentabilidade)**: comunicación de resultados obtidos (en forma de gráficos, táboas...) e difusión de actividades realizadas empregando tanto servizos dixitais corporativos, coma non corporativos.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

Para a elaboración do Plan Dixital do noso centro, tívose en conta o contexto lexislativo que se detalla a continuación:

- ◆ Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- ◆ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- ◆ Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- ◆ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración.

A folia de ruta a seguir na elaboración do presente Plan Dixital foi a seguinte:

- ◆ Configuración (no mes outubro do 2021) do equipo que forma parte do Plan Dixital: 10 docentes con destino definitivo, pertencentes ás distintas etapas que se imparten no centro.
- ◆ Alta, da persoa coordinadora TIC, no espazo virtual creado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade; onde as persoas mentoras e coordinadoras dos centros traballan de xeito conxunto na elaboración do Plan Dixital.
- ◆ Sesión formativa sobre o SELFIE (Webex)

Tras esta sesión formativa, trasládase ao resto do claustro a importancia da participación na enquisa SELFIE; para obter uns resultados que reflectan a realidade do noso centro, e que serán o punto de partida para a fase de análise e diagnose.

- ◆ Xornada informativa presencial no centro por parte do mentor do equipo ADIX. A esta sesión acode o 100% do claustro.
- ◆ Realización do Test de Competencia Dixital Docente (CDD) a través da aplicación FPROFE, entre o 8 e o 28 de febreiro.
- ◆ Xornada de formación (Webex); onde se dan as directrices a seguir para a elaboración do DAFO.

A dita formación sucédennlle dúas sesións de traballo colaborativo no centro, por parte de todos os/as integrantes que participan na elaboración do Plan Dixital; e nas cales se analizan as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades; que conformarán o DAFO. Dito documento foi entregado, pola persoa coordinadora, no espazo virtual habilitado para tal efecto o 7 de abril do 2022.

- ◆ Xornada de formación relativa á elaboración do Plan de Acción (Webex).

Unha vez recibida esta formación, o equipo de docentes implicados na elaboración do Plan Dixital; reúnese en tres ocasións para establecer as liñas prioritarias de actuación e, segundo as mesmas, redactar os obxectivos pertinentes. Dito plan, foi entregado o 18 de maio do 2022.

- ◆ Xornada de formación (Webex): pautas para a redacción final do PD.

O profesorado asistente á xornada (equipo designado para realizar o Plan Dixital), traslada ao resto de docentes a necesidade de que cada un/unha faga constar cal é a situación actual da súa aula, en canto a infraestruturas e equipamento tecnolóxico; así como as necesidades de mellora en relación á mesma, establecendo en cada caso a finalidade para a que se precisan ditas melloras.

Nos espazos comúns a situación de partida, así como as necesidades de mellora son valoradas polo director do centro e consensuadas co resto do claustro.

Establecidos os parámetros anteriores, prográmanse tres sesións de traballo conxunto dos membros do equipo do PD, para a redacción final do mesmo.

- ◆ A persoa coordinadora TIC fai entrega (no espazo virtual do equipo ADIX asignado) do presente documento, con data anterior ao 12 de xuño do 2022.
- ◆ O Plan Dixital do centro preséntase nos derradeiros Claustro e Consello Escolar do curso 2021/2022 para a súa aprobación.

2. Situación de partida.

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

Infraestrutura dixital.

Por infraestrutura dixital enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do seu labor.

No relativo á infraestrutura de datos (conectividade a internet), no centro contamos con conexións dispoñibles; pero non é posible o seu aproveitamento pola existencia de equipos obsoletos (o sistema operativo Windows 7 impide a conexión á rede wifi da Xunta). Toda a zona administrativa conta con conexión cableada.

Equipamento.

Por equipamento enténdese o conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes.

Dentro do equipamento dispoñible, faise unha distinción entre o enviado desde a administración de xeito ordinario; e calquera outro existente no propio centro.

Reflicítese na seguinte táboa:

	Equipo	Proxector	Pantalla	Observacións
Aula nº1 3 anos	Portátil Mercado polo centro	Mercado polo centro	Mercada polo centro IQ	
Aula nº2 4 anos	Portátil Mercado polo centro	Mercado polo centro	Mercada polo centro IQ	
Aula nº3 5 anos	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Smart Board	
Aula nº5 1º	Portátil Mercado polo centro	Ultra corta (Xunta)	Smart Board	
Aula nº6 2ºB	Portátil Xunta (Obsoleto)	Mercado polo centro	Mercada polo centro IQ	
Aula nº7 2ºA	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Smart Board	
Aula nº13 3º	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Smart Board	
Aula nº12 4º	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Smart Board	Será aula EDIXGAL no curso 22/23
Aula nº17 5º	EDIXGAL	EDIXGAL	EDIXGAL	
Aula nº18 6º	Portátil Mercado polo centro	Mercado polo centro	Mercada polo centro IQ	
Aula nº11 PT	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Mercada polo centro IQ	
Aula nº14 AL	Portátil Mercado polo centro			
Aula nº10 Inglés	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Smart Board	
Aula nº8 Música	Portátil Mercado polo centro	Proporcionado pola Xunta	Smart Board	
Aula nº15 informática	6 sobremesa Xunta (Obsoletos) 14 portátiles comprados polo centro (Obsoletos)	Ultra corta (Xunta)	Smart Board	
Aula nº9 Orientación	1 portátil mercado polo centro			
Biblioteca	Portátil Mercado polo centro	Mercado polo centro	Pantalla de proxección	
Sala de mestres	2 sobremesa. Un Xunta e outro mercado polo centro.	Non necesario	Non necesario	
Secretaría	1 sobremesa 1 portátil			
Dirección	1 sobremesa 1 portátil			
Material común	10 tablets 12 robots (Xunta) 10 lápices 3D (mercados polo centro)	1 mini proxector portátil mercado polo centro		

O equipamento relativo ás aulas emprégase a diario para levar a cabo o desenvolvemento da actividade académica (ata onde as limitacións do mesmo o permiten).

En canto á aula de informática, existe no centro un documento coa normativa que a rexe en canto a uso e ocupación (calendario de uso da mesma con sesións reservadas a cada un dos niveis de educación primaria); non así para o alumnado de educación infantil; xa que dadas as características das instalacións, a ubicación da mesma nun andar superior e o cableado “á vista” dificulta bastante o uso polo alumnado de tan curta idade; motivo polo cal se fai indispensable a dixitalización das aulas de educación infantil.

O uso por parte do alumnado de primaria baséase na búsqueda de información, traballos de investigación, iniciación no uso de procesadores de texto, manexo do rato, coñecemento do teclado e as súas funcións... Tamén se leva a cabo na mesma aula a asignatura de Robótica (libre configuración de 6º de primaria)

No caso dos equipos destinados ao equipo directivo e o da aula de orientación, o seu uso limítase ás accións administrativas e de xestión.

Na biblioteca escolar, que se integra no PLAMBE, e que se establece no centro como o eixo vertebrador do que parten todas as actividades e proxectos; o uso do dispositivo

portátil está destinado a labores de catalogación, servizo de empréstito e devolución... e tamén á formación de usuarios que recibe o alumnado que participa no Voluntariado da BE.

En canto aos dispositivos ubicados na sala de mestres, o seu uso é variado: elaboración de material, montaxe de presentacións, xestións realizadas polos titores e titoras, mestres especialistas... Estes equipos, así como o da biblioteca e os da parte administrativa están conectados coa única impresora coa que conta o centro (na sala de mestres).

En canto ao uso das tablets, distribúese unha por aula e outra compartida polas mestras especialistas en PT e AL.

Á vista do anterior, e tendo en conta o que o territorio europeo entende por aulas dixitalizadas; no noso centro só contamos con dúas que cumpren este requisitos: a aula de informática e a aula número 5, na que se atopa o alumnado de 1º de primaria.

Servizos dixitais.

En canto aos servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente, empregamos:

* **Servizos corporativos:** correo electrónico, páxina web do centro (para compartir informacións burocráticas e administrativas, informacións relativas ás actividades realizadas, proxectos...); espazo Abalar (para comunicacións masivas de carácter informativo ás familias, mensaxería, citas de titoría...); Agueiro, Aula Virtual do centro (en practicamente todos os niveis de primaria) e o desenvolvemento de proxectos corporativos: Edixgal en 5º de educación primaria.

***Servizos non corporativos:** rede social Facebook (para compartir proxectos, actividades e propostas de centro e de aula; así como información de carácter educativo en xeral), blogs de aula (en 4º de educación infantil e 6º de educación primaria), aplicación Class Dojo (en 6º de primaria).

Á hora de empregar estes recursos damos cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD) e as repercusións que esta lei ten nos centros educativos.

No relativo á xestión do mantemento do equipamento do centro contamos co Servizo Premium (para a aula Edixgal) e cunha empresa privada (para o resto) con cargo aos gastos de funcionamento do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Para a obtención do DAFO, tivéronse en conta as seguintes fontes:

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do resumo das áreas do informe SELFIE para a etapa educativa de educación primaria na seguinte táboa:

Areas	Grupos	ENSINANZAS
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-----
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,9
	Alumnado	-----
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-----
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-----
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,9

Test CDD (Competencia Dixital Docente): recollendo datos obtidos do mesmo nas seguintes táboas.

Participación segundo perfil do profesorado(apartado 1.3)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	15	100%
PROVISIONAL			
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro (apartado 2.1)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,9	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (apartado 2.2)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	47,9	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	64,1	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis (apartado 2.3)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	14	73,7%
B1	4	21,1%
B2	1	5,3%
C1		
C2		
TOTAL	19	100,1%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Inclúense as táboas que reflicten as diversas categorías, tanto relativas a aspectos internos (fortalezas e debilidades), como externos (oportunidades e ameazas).

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Contamos con equipo informático, pizarra dixital e unha tableta; así como acceso a internet por wifi en todas as aulas do centro. (C1-C3) 2. Uso da aula virtual do centro a partir do 3º curso de primaria e emprego de blogs de aula. (E3) 3. Aprendizaxe con tecnoloxías dixitais na aula de 5º de primaria (E-Dixgal). (C1-C2) 4. Servizo Premium – Aula Edixgal. (C5) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Características do software instalado nos equipos e actualización do equipamento dixital. (C1-C2)
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O claustro conta co apoio do equipo directivo para o Desenvolvemento Profesional Continuo. (D1-D2-PE2) 2. Existe unha ampla plantilla de profesorado con destino definitivo no centro , o que garante a continuidade dos proxectos iniciados. 3. Bo clima de traballo entre o profesorado (reflexionamos sobre as vantaxes e inconvenientes do emprego das tecnoloxías dixitais). (B2) 4. Facilidade para buscar recursos en liña. (E1) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de tempo e descoñecemento para explorar o ensino dixital; así como para o alumnado con NEE (A4-C15) 2. Non avaliamos o noso progreso de E-A con tecnoloxías dixitais.(B1) 3. Dificultade para crear recursos en liña.(E2) 4. Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso (A5)
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estabilidade profesional do persoal non docente. 	
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado aprende a actuar cada vez con máis seguridade e responsabilidade en internet. (H1-H3) 2. Formación dixital para o alumnado que forma parte do Voluntariado da Biblioteca Escolar. (C16) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non aprenden a comprobar a veracidade da información atopada, nin son competentes na resolución de problemas técnicos. (H4-H13). 2. Non desenvolven habilidades dixitais nas diferentes materias, non dan crédito ao traballo doutros, non crean contidos dixitais, non programan nin codifican. (H6-H7-H8-H10-H11) 3. O alumnado non pode levar os seus propios dispositivos ao centro (C13)
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación e entendemento entre a maioría das familias nas actividades requeridas desde o centro. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escaso uso da tecnoloxía no fogar con fins educativos. (UTIC3) 2. Fenda dixital: áreas xeográficas con problemas de conectividade e non todo o alumnado ten acceso a dispositivos informáticos. (ADFC1)
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dispoñemos de (e empregámoslos) servizos educativos corporativos (web, aula virtual, correo electrónico, espazo Abalar, Facebook...) para difundir información sobre o centro educativo. (PE6) 2. Empregamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa e usamos recursos dixitais en aberto. (E4-E5) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ausencia e descoñecemento de novas estratexias dixitais. (A1) 2. Valoración escasa por parte do profesorado nalgúns ámbitos de formación ofertados no último ano. (DPC1-2-4-5) (PE3) 3. Ausencia de visitas de estudo. (DPC7)
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen dispositivos dixitais xestionados polo centro que o alumnado pode usar (fóra do equipamento Edixgal). (C8-C10) 2. Nas aulas hai equipamento informático mercado polo propio centro. (PE5) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escasa implementación na aula das tecnoloxías dixitais para actualizar e innovar nas prácticas de E-A. (F1-F3-F4-F5-F6) 2. Non usamos as tecnoloxías dixitais para avaliar competencias no alumnado, para que reflexione sobre a súa aprendizaxe e comente o seu traballo cos compañeiros/as. (G1-G5-G6) 3. Non empregamos as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación nin para que o alumno documente/mellore a súa aprendizaxe. (G7-G8-G9)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Actuacións da Administración Educativa: oferta de formación no centro. (D1-D2-D3).	1. Falta de equipos informáticos en número e calidade suficiente para uso do profesorado.(C2) 2. Aula de informática con espazo físico reducido e equipamento insuficiente e obsoleto, para uso do alumnado.(C1-C14) 3. Non contamos con asistencia técnica cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais nas aulas que non son Edixgal. (C5)
	LEXISLACIÓN	1. O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos.(PE4)	1. Burocracia excesiva.(F) 2. Constantes cambios normativos moi ambiguos e faltos de claridade; así como lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo. (A-D-F-G) 3. Inseguridade e desinformación en canto á Política de Protección de Datos de carácter oficial.(C7)
	CONTORNA	1. Brecha dixital: apoio para abordar retos (sinerxia concello-centro educativo). (C12-B4) 2. Colaboración con outras organizacións/entidades da zona e con outros centros educativos para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. (B3)	1. Áreas xeográficas con falta de conectividade. (C3) 2. Non dispoñemos de medidas para avaliar as dificultades xurdidas da aprendizaxe mixta relacionadas co ámbito socioeconómico do alumnado. (C11)
	ANPA	1. Oferta de actividades extraescolares relacionadas co eido dixital. (H)	
	OUTRAS ENTIDADES	1. Oferta de actividades formativas por parte de entidades privadas que potencian habilidades dixitais no noso alumnado. (G10)	

3. Plan de Acción.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas en cada curso escolar, o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Indícase brevemente a secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

- 1) Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.
- 2) Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información repórtana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- 3) Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporalización e determinar os recursos necesarios.
- 4) Para cada obxectivo cumpriméntase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Nas seguintes páxinas figuran os obxectivos propostos para o curso 2022/2023.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 1:	Crear un repositorio de recursos dixitais en liña (E2)				Acadado	
Responsable:	Equipo de Dinamización TIC encabezado pola persoa coordinadora.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Creación recursos propios en liña.					
Valor de partida:	Inexistencia de repositorio.					
Valor previsto e data:	Existencia de repositorio con recursos en liña de creación propia.			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formación básica en ferramentas de creación de recursos dixitais.	Equipo directivo e coordinador/a TIC.	1º trimestre	Coordinador/a TIC e/ou persoal docente con competencia suficiente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un curso na aula virtual do centro como biblioteca de recursos dixitais.	Coordinador/a TIC	2º trimestre	Coordinador/a TIC. Tecnoloxía dixital básica.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un grupo de traballo colaborativo para o deseño e elaboración de recursos dixitais para as diferentes áreas/etapas.	Equipo directivo e coordinador/a TIC.	2º e 3º trimestres	Integrantes do grupo de traballo colaborativo. Tecnoloxía dixital básica.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO.

OBXECTIVO 2:	Modificar os espazos destinados á aula TIC (ampliación) e renovar o mobiliario da mesma (C14)	Acadado
Responsable:	Equipo directivo e Equipo de Dinamización das TIC.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Espazo e mobiliario axeitado para o uso ao que se dispón.	
Valor de partida:	Espazo moi limitado para o número de alumnos/as por aula e mobiliario obsoleto, deteriorado e pouco funcional.	
Valor previsto e data:	Reforma integral (continente e contido) da aula TIC.	Xuño 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Ampliar o espazo destinado á aula TIC (require obras que afectan á arquitectura da mesma)	Equipo Directivo.	Ao longo do curso 2022-2023	Admon. Educativa. Persoal externo ao centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Reubicar e/ou eliminar diversos materiais almacenados na aula destinada ás TIC.	Equipo Directivo. Equipo das TIC.	1º e 2º trimestres.	Persoal externo ao centro (Concello) Persoal docente.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Solicitar e instalar novo mobiliario.	Equipo Directivo.	Ao longo do curso 2022-2023, dependendo da consecución dos obxectivos anteriores.	Equipo Directivo. Persoal externo ao centro (Concello)		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: A. LIDERADO / D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 3:	Participar no DPC (D2) para mellorar a implementación de novas modalidades de ensino (A3)				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a Edixgal. Equipo Directivo. Persoal docente implicado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Ampliar a implementación de novas modalidades de ensino iniciada no curso 2021-2022.					
Valor de partida:	1 aula con novas modalidades de ensino (Edixgal- 5º de educación primara)					
Valor previsto e data:	2 aulas con novas modalidades de ensino (Edixgal- 5º e 6º de educación primaria)			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Solicitar PFPP (con maior carga presencial do relator/a) acerca do programa Edixgal.	Coordinador/a PFPP. Equipo Directivo.	Setembro/outubro 2022	CFR/CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Realizar a formación solicitada implicando ao maior número de profesorado posible.	Coordinador /a PFPP. Equipo Dorectivo. Docentes.	Ao longo do curso 2022-2023.	Tecnoloxía dixital básica. Persoas relatoras. Profesorado participante.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A. LIDERADO.						
OBXECTIVO 4:	Editar e publicar a revista escolar empregando novas estratexias dixitais (A1)				Acadado	
Responsable:	Equipo das TIC e Equipo de Dinamización da Lingua.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Adquisición de competencias dixitais para realizar publicacións.					
Valor de partida:	Inexistencia da revista.					
Valor previsto e data:	Publicación da revista escolar en formato dixital.			Xuño 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar grupo de traballo (PFPP) con dereito a docencia; sobre ferramentas de edición.	Coordinador/a PFPP. Equipo Directivo.	Setembro/Outubro 2022	CFR/CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Recompilar o material requerido para a elaboración da revista.	Claustro.	Maio 2023.	Tecnoloxía dixital básica. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Editar, publicar e difundir a revista dixital escolar a toda a Comunidade Educativa.	Participantes do PFPP.	Xuño 2023	Tecnoloxía dixital básica. Profesorado participante.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

PARA EDUCACIÓN INFANTIL.

AULA DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

En canto **equipamento**:

- Equipo informático: portátil e rato externo, alfombríña para rato.
- Cascos adaptados a nenos e nenas.
- Teclado externo para tablet.
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.

En canto **infraestrutura**:

- Mesas adaptadas para o recanto onde se atoparían todos estes recursos TIC: mesas de pequeno tamaño con compartimentos para o ordenador, tablet, cámara fotográfica, accesorios da pizarra dixital...

AULA DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

En canto **equipamento**:

- Equipo informático: portátil e rato externo, alfombríña para rato.
- Cascos adaptados a nenos e nenas.
- Teclado externo para tablet.
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.
- Unha mesa de luz. Este é un material moi versátil para o traballo das diferentes capacidades manipulativas, de coordinación e de investigación nesta eta-

pa. É un recurso que responde á necesidade de xogo, e ao carácter interdisciplinar e globalizador nestas idades.

En canto **infraestrutura**:

- Mesas adaptadas para o recanto onde se atoparían todos estes recursos TIC: mesas de pequeno tamaño con compartimentos para o ordenador, tablet, cámara fotográfica, accesorios da pizarra dixital...

AULA DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

En canto **equipamento**:

- Equipo informático: portátil e rato externo, alfombríña para rato.
- Cascos adaptados a nenos e nenas.
- Teclado externo para tablet.
- Unha mesa de luz. Este é un material moi versátil para o traballo das diferentes capacidades manipulativas, de coordinación e de investigación nesta etapa. É un recurso que responde á necesidade de xogo, e ao carácter interdisciplinar e globalizador nestas idades.

En canto **infraestrutura**:

- Mesas adaptadas para o recanto onde se atoparían todos estes recursos TIC: mesas de pequeno tamaño con compartimentos para o ordenador, tablet, cámara fotográfica, accesorios da pizarra dixital...

PARA COMPARTIR NO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

En canto **equipamento**:

- Unha cámara fotográfica de manexo sinxelo pero de gran resolución. A fotografía é un medio moi interesante nestas idades dado que nos axuda a comprender os procesos, non só os resultados finais das cousas que se fan dentro da clase. Que sexan os nenos e nenas os que documenten o proceso das

actividades dálle sentido á capacidade de aprender a aprender, dos pasos, da importancia dos procesos en si mesmo, e facelos protagonistas de verdade: coñecer a máquina, explicar que queren documentar, sacar a foto, comprobacións, edición sinxela, explicación verbal...

- Unha impresora fotográfica instantánea. Neste senso poder imprimir no momento as fotografías coas que estamos traballando, o que está acontecendo no momento exacto para despois levalo á assemblea favorecería a comprensión do aprendizaxe, favorecendo o instantáneo do que se está a falar. Así tamén darlle importancia ao arte da fotografía en si mesma, coa calidade que merece unha fotografía, o papel necesario, as cores, a súa durabilidade (e non en papel de folio e a necesidade de plastificar co gasto que iso supón económico e ao medio ambiente)...
- Microscopio USB con visualización en PC. Recurso de gran importancia para o recanto de investigación, favorecendo non só a visualización de pequenas partículas (de proxectos que se estudan en Educación Infantil), senón tamén poder traballar con eles unha vez transformas esa visualización en imaxe dixital ou vídeo, para traballar sobre esas agochas.
- Retroproxector para o traballo da luz en Educación Infantil. É un recurso que pon en xogo a creatividade, as dimensións, as cores e a súa mestura, as sombras, potenciando un mundo de xogo e de experimentación.

PARA EDUCACIÓN PRIMARIA.

AULA 12

Solicítase a renovación do equipo informático da aula por outro que conte coa instalación dun sistema operativo que permita a conexión á rede wifi "edu.xunta" do centro co obxectivo de obter unha conectividade máis rápida, eficaz e operativa. O equipo (portátil) presenta actualmente, ademais, frecuentes "bloqueos" durante os cales os programas e/ou sistema non responden ou tardan en facelo.

Búscase integrar na aula as TIC e con elas todos os recursos que éstas aportan á aprendizaxe: vídeos, audios, xogos de gamificación, representacións e visitas

virtuais.... dun xeito funcional, é dicir, optimizando o tempo do que se dispón na aula adicándoo á atención do alumnado e non á resolución dos problemas técnicos.

Así mesmo, solicítase un proxector de ultra-corta distancia para mellorar a nitidez das proxeccións así como para evitar a sombra do usuario, ben sexa mestre ou alumno/a, durante a utilización do EDI.

AULA 7

En canto a equipamento:

- Equipo informático: 2 portátiles con rato externo, alfombríña para rato (un para a aula e outro para o recanto TIC)

- Cascos adaptados a nenos e nenas.

-Teclado externo para a tablet.

- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.

- Cámara USB HUE HD Pro para compartir documentos, imaxes...co alumnado de xeito sinxelo e rápido; tamén para presentacións, corrección de fichas...

En canto á infraestrutura:

-Mesa adaptada para o recantoTIC da aula.

AULA 6

En canto a equipamento:

- Equipo informático: 2 portátiles con rato externo, alfombríña para rato (un para a aula e outro para o recanto TIC)

- Cascos adaptados a nenos e nenas.
- Teclado externo para a tablet.
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.
- Cámara USB HUE HD Pro para compartir documentos, imaxes...co alumnado de xeito sinxelo e rápido; tamén para presentacións, corrección de fichas...

En canto á infraestrutura:

- Mesa adaptada para o recantoTIC da aula.

AULA 18.

En canto a equipamento:

- Equipo informático: 4 portátiles e rato externo, alfombrilla para rato, 1 para cada equipo (adoita haber 4 ou 5 grupos).
- Tablets, ideal para cada alumno (mínimo 1 por equipo, adoita haber 4).
- Cascos suficientes polo menos na aula de informática para cada alumno (e se non dependemos dos da aula de informática mellor aínda). Son necesidades que atopamos tamén fóra da aula.

En canto a infraestrutura:

- Mesas adaptadas para o recanto onde se atoparían todos estes recursos.

AULA 10.

En canto a equipamento:

- Equipo informático portátil actualizado, con rato inalámbrico externo e alfombriña para rato.
- Teclado externo adicional para portátil.
- Cascos inalámbricos.
- Proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.
- Impresora de fácil manexo.

En canto a infraestrutura:

- Mesas adaptadas para o uso do material informático.

Xustificación:

Necesítase un equipo informático con fácil acceso a rede wifi e que soporte o uso de programas informáticos relacionados con EVA, e cos novos materiais usados nas clases de linguas estranxeiras. Tamén para a realización e execución de actividades interactivas co alumnado. (O actual non pode estar desconectado da corrente, porque ten a batería estropeada).

AULA 9 (DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN)

En canto a equipamento:

- Equipo informático portátil actualizado, con rato inalámbrico externo e alfombrilla para rato.
- Teclado externo adicional para portátil.
- Cascos inalámbricos.

En canto a infraestrutura:

- Mesa adaptada para o uso do material informático.

Xustificación:

- Necesítase un equipo informático con fácil acceso a rede wifi e que soporte o uso de programas informáticos relacionados con tests de diagnóstico utilizados nas avaliacións psicopedagóxicas. Tamén para a realización e execución de actividades interactivas durante a intervención co alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.(O equipamento actual está obsoleto).

AULA 11 (PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA)

En canto a equipamento:

- Equipo informático portátil actualizado, con rato inalámbrico externo e alfombrilla para rato.
- Teclado inalámbrico externo adicional para portátil, adaptado, con cores e letras grandes.
- Cascos inalámbricos.
- Teclado externo para tablet (posibilidade de que sexa o mesmo que o do ordenador portátil)
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.
- Impresora de fácil manexo

En canto a infraestrutura:

- Mesa adaptada para o uso destes recursos TIC.

PARA AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE (AULA 14):

En canto a equipamento:

- Equipo informático portátil actualizado, con rato inalámbrico externo e alfombrilla para rato.
- Teclado inalámbrico externo adicional para portátil, adaptado, con cores e letras grandes.
- Cascos inalámbricos.
- Teclado externo para tablet (posibilidade de que sexa o mesmo que o do ordenador portátil)
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.
- Impresora de fácil manexo

En canto a infraestrutura:

- Mesa adaptada para o uso destes recursos TIC.

AULA 13.

En canto a equipamento.

- 2 dispositivos portátiles con rato externo inalámbrico + alfombriña + cascos inalámbricos; para uso por parte do alumnado no recanto TIC ubicado dentro da aula.

Este recanto concíbese como un espazo de experimentación e investigación, que complementa a aprendizaxe activa e por descubrimento do proceso de ensino-aprendizaxe que se fomenta na aula.

- 1 cámara USB HUE HD Pro, que se empregaría para a corrección de traballos de xeito colectivo; e tamén para a área de educación artística (plástica) naqueles aspectos relativos á realización de debuxos “paso a paso”.
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.

En canto a infraestrutura.

- Mesas adaptadas ao material informático solicitado para o recanto TIC.

AULA 5.

En canto a equipamento:

- Equipo informático: 2 portátiles con rato externo, alfombriña para rato (un para a aula e outro para o recanto TIC)
- Cascos adaptados a nenos e nenas.
- Teclado externo para a tablet.
- Lector externo de CD-Rom.
- Pizarra dixital interactiva con altavoces, que non precisa dun proxector, evitando sombras e calibracións e o funcionamento incorrecto cando se manipula.
- Cámara USB HUE HD Pro para compartir co alumnado documentos, imaxes, etc. de xeito sinxelo e rápido; tamén para presentacións, corrección de fichas...

En canto á infraestrutura:

- Mesa adaptada para o recanto TIC da aula.

AULA 15. (INFORMÁTICA).

En canto a equipamento.

Solicítase a substitución dos 20 dispositivos dispoñibles (non todos servibles) e o aumento dos mesmos ata os 25. Ditos dispositivos deberían completarse con

cascos en igual número e ratos externos inalámbricos (que facilitan o manexo do alumnado de menor idade). Ou cando menos, a actualización dos equipos que o permitan, incrementando a súa vida útil a través dalgunha acción de mellora que inclúa ampliación de memoria RAM, instalación de discos duros SSP...

Dita petición xustifícase pola incapacidade dun aproveitamento óptimo desta aula (equipos obsoletos cun sistema operativo que fai que as conexións sexan moi lentas e ineficaces) e polo insuficiente número de dispositivos; xa que temos aulas que superan os 20 discentes.

En canto a infraestrutura.

- Mobiliario axeitado para o material informático solicitado.

AULA 8. (MÚSICA).

En canto a equipamento.

- Equipo informático: 1 portátil con rato externo + alfombríña para rato.
- Proxector de ultra corta distancia, para minimizar as sombras no momento do seu uso.

4. Avaliación do plan

4.1. Avaliación do Plan de Acción.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o indicado a continuación:

- ◆ No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- ◆ No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao finalizar o curso escolar. Os aspectos a considerar

incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2. Propostas de mellora.

Neste apartado incluíranse as propostas de mellora continua detectadas unha vez o centro proceda á implementación efectiva do citado Plan Dixital (curso 2022/2023).

5. Difusión do plan.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022; establece no seu artigo 5.2 que o Plan Dixital será aprobado pola dirección do centro unha vez oído o claustro; debendo ser aprobado polo consello escolar.

Ditas accións levaranse a cabo nos derradeiros claustro e consello escolar do curso; quedando garantida así a difusión do mesmo a toda a comunidade educativa. O plan dixital publicarase na web do centro.